

Asunto: Convocatoria procesos selectivos de TS de actividades culturais e xestor de actividades culturais.


En reiteradas ocasións este sindicato ten solicitado a convocatoria dos procesos de selección das prazas de TS de actividades culturais e xestor de actividades culturais, cubertas eventualmente dende fai máis de cinco anos. Cónstanos que esta petición foi feita tamén dende o Comité Intercentros repetidas veces e que, se non levamos mal a conta, Vde. é o terceiro xerente ao que se lle solicita expresamente que se convoquen estas prazas, as únicas que quedan sen convocar da RPT do ano 2000.

Xa non valen escusas, nin máis dilacións, fai moito tempo que os argumentos que se están a dar para pospoñer estes procesos son incoherentes e insostibles e obedecen máis a incompetencia do vicerreitor, a desidia das xerencias, á falta de coordinación e a outros intereses máis próximos do clientelismo que da eficacia sempre esixible a unha administración pública.

Por todo o exposto esiximos, novamente, a inmediata convocatoria deste procesos de selección.

Vigo 31de marzo de 2005

Atentamente



Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo